

Referencia:	2023/11560Н	
Procedemento::	Expedientes del servicio de clasificación y transferencia de residuos industriales (Centro Verde San Cibrao)	
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE (3889)		

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLO SERVIZO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE RECOLLIDA E RECEPCIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS E ESPECIAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta ordenanza dítase ao amparo do establecido nos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41 e seguintes, e artigos 127 e 148 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que, se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais cumprindo co principio de seguridade xurídica esixidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A ordenanza ten por obxecto establecer unha prestación pecuniaria como consecuencia da prestación dun servizo de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais, no termo provincial de Ourense, xustificado no disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que, se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 201/23/UE e 201/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que introduciu no ordenamento tributario español o concepto de prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias (PPCNT).

Por conseguinte, mediante as indicadas tarifas preténdese soster o servizo supramunicipal de servizo de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais, coa finalidade última de previr, minimizar, impedir os efectos que os indicados residuos poidan ter sobre os recursos naturais, o medio ambiente e a calidade de vida, dando aos anteditos o destino máis adecuado conforme as súas características. Coa prestación do dito servizo as



empresas poderán desprenderse facilmente dos referidos residuos evitando a proliferación de vertedoiros incontrolados.

Esta norma está composta por nove artigos, unha disposición adicional e unha disposición final. O articulado da ordenanza recompila o réxime xurídico das mencionadas prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, establece as actuacións que se atopan suxeitas á tarifa, as persoas que están obrigadas ao seu pago, os responsables subsidiarios da mesma, o importe, o mecanismo de revisión, o lugar e a forma de pago das tarifas, así como, en relación co réxime sancionador, dispón unha remisión ao establecido na Lei xeral tributaria e demais normativa que regula esta cuestión.

A disposición adicional prevé, para o non disposto expresamente na presente ordenanza, respecto á prestación patrimonial de carácter público regulada na mesma, a aplicación supletoria das normas establecidas na Lei xeral tributaria e no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Finalmente, mediante unha disposición final regúlase a modificación e derrogación desta ordenanza e a entrada en vigor da mesma.

A presente ordenanza non ten repercusións en cuestións de xénero polo que non é necesario a elaboración do informe non vinculante sobre o impacto nesta materia regulado nos artigos 19 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes que de acordo coa súa disposición final 1ª forma parte das condicións básicas que garanten a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais de acordo co establecido no artigo 149.1.11 da CE e o artigo 8 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A redacción da ordenanza respecta a perspectiva de xénero na linguaxe escrita cumprindo o disposto nas anteriores normas e no I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Deputación Provincial de Ourense para os anos 2017-2021.

A presente norma ten impacto na actividade económica xa que establece as tarifas que se devindicarán con ocasión da prestación do servizo público de recollida e tratamento de residuos non perigosos e especiais no centro verde do Polígono de San Cibrao das Viñas.



Artigo 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, esta Deputación Provincial establece a prestación patrimonial de carácter público non tributario como contra prestación polo servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais, que se rexerá pola presente ordenanza reguladora de prezos públicos.

Todo iso en aplicación do establecido polo novo apartado 6 do artigo 20 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), na redacción aprobada para este novo apartado 6 pola disposición final duodécima da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), cuxa entrada en vigor produciuse o 9 de marzo do ano 2018.

O anterior, en concordancia co establecido polas disposición adicional cuadraxésimo terceira da citada Lei de contratos do sector público, e pola disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) na redacción aprobada para a mesma pola disposición final undécima da citada Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Os prezos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público non tributario que se satisfarán polos usuarios que, de xeito voluntario, soliciten o servizo de recollida, recepción e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais no centro verde, sito na rúa núm. 4 do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas (San Cibrao das Viñas - Ourense).

O ámbito territorial de aplicación desta ordenanza é para os residuos industriais non perigosos e especiais, de industrias ou actividades localizadas na provincia de Ourense, incluíndo dúas áreas principais:

- A primeira, denominada como "zona prioritaria", abarcando o Polígono Industrial de San Cibrao, o Parque Empresarial de O Pereiro de Aguiar e a Zona Comercial Barreiros.
- A segunda, nomeada como "zona non prioritaria", para todas aquelas zonas territoriais que estean fóra da primeira, como por exemplo as que se sitúan noutras



zonas do municipio de San Cibrao das Viñas ou aquelas próximas á zona industrial de Seixalbo (no municipio de Ourense), incluso nos arredores da cidade de Ourense.

Artigo 3. Feito impoñible

- 1. Constitúe o feito impoñible desta prestación patrimonial:
 - A recepción no centro verde de residuos de orixe industrial de tipo non perigoso ou especial producidos nos municipios da provincia de Ourense.
 - A recollida e recepción "porta a porta" por persoal autorizado do servizo, nas industrias e empresas situadas na provincia de Ourense, dos residuos industriais non perigosos ou especiais que se orixinen pola actividade industrial ou empresaria.

Artigo 4. Obrigadas ao pago

Estarán obrigadas ao pago da prestación patrimonial de carácter público non tributario, en concepto de obrigada principal e directa, as persoas físicas ou xurídicas, privadas ou públicas, que fagan uso da prestación do servizo público supramunicipal de recollida, recepción e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais dentro do termo provincial, conforme establece o artigo 43 da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 5. Responsables

Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 a 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

En concreto, responderá solidariamente, como substituto da obrigada tributaria, o transportista que entrega o residuo nas instalacións do centro verde do Polígono de San Cibrao ou os administradores ou integrantes da administración concursal e liquidadores de quebras das sociedades, co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 6. Cota tributaria

Establécese que a cobranza das prestacións patrimoniais de carácter non tributario se realice mediante o réxime de tarifas para cada tipo de servizo e residuo industrial non perigoso ou especial permitido na ordenanza, segundo se establece a continuación:



1. CUADRO DE TARIFAS PARA A RECEPCIÓN DO RESIDUO:

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS	CUSTO (€/t)
20 01 38	MADEIRAS	7,00 €/t
20 01 01	PAPEL	8,80 €/t
20 01 01	CARTÓN	8,80 €/t
20 01 40	CHATARRA	110,00 €/
20 01 11	TEAS	5,00 €/t
20 01 39	PLÁSTICOS	50,00 €/t
20 01 99	OUTROS	10,00 €/t
17 04 02	ALUMINIO	625,00 €/
varios	LODOS	380,00 €/
_	PALETS	0,38 €/t
_	EMBALAXES DE CARÁCTER INDUSTRIAL	50,00 €/t
20 01 02	VIDRO	27,00 €/t
10 01	CINZAS	40,00 €/t

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS DE CARÁCTER ESPECIAL	TARIFA
LEK	SUBTIPO	
080111	PINTURAS Y VERNICES	410,00
08 03 12	TINTAS CON DISOLVENTE OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS	410,00
08 03 17	RESIDUOS DE TÓNER DE IMPRESIÓN	90,00 €
08 04 09	RESIDUOS DE ADHESIVOS E SELADORES QUE CONTEÑEN DISOLVENTES ORGÁNICOS OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS	350,00
CAP 08	PO DE LIXADO	180,00
12 01 09	EMULSIÓNS E DISOLUCIÓNS DE MECANIZADO SEN HALÓXENOS	200,00
13 01 10	ACEITES MINERAIS NON CLORADOS DE MOTOR, DE TRANSMISIÓN MECÁNICA E LUBRICANTES	0,00 €.
14 06 02	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES HALOXENADOS	900,00
14 06 03	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES	900,00
15 01 10	ENVASES QUE CONTEÑEN RESTOS DE SUBSTANCIAS PERIGOSAS OU ESTÁN CONTAMINADOS POR ELAS	250,00
15 01 11	ENVASES METÁLICOS, INCLUÍDOS OS RECIPIENTES A PRE BALEIROS, QUE CONTEÑEN UNHA MATRIZ POROSA SÓ PERIGOSA	250,00+



15 02 02	ABSORBENTES, MATERIAIS DE INFILTRACIÓN (INCLUÍDOS OS FILTROS NON ESPECIFICADOS NOI CATEGORÍA),TRAPOS DE LIMPEZA E OUPA PROTECTORA CONTAMINADA POR SUBSTANCIAS PERIGOSAS	300,00
16 01 07	FILTROS DE ACEITE	0,00€
16 01 13	LÍQUIDOS DE FREO	150,00
16 01 14	ANTICONXELANTES QUE CONTEÑEN SUBSTANCIAS PERIGOSAS	240,00
16 06 01	BATERÍAS DE CHUMBO	450,00
20 01 33	BATERÍAS E ACUMULADORES ESPECIFICADOS NOS CÓDIGOS 16 16 06 02 OU, 16 06 03, E BATERÍAS E ACUMULADORES SEN CLASIF QUE CONTEÑEN ESAS BATERÍAS	0,00 €.
CAP 18	RESIDUOS DE LABORATORIO	2.700,00
16 06 04	PILAS ALCALINAS E SALINAS	30,00 €
_	LIXO INDUSTRIAL	130,00
_	AUGAS HIDROCARBURADAS	220,00

2. TARIFAS PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA PORTA A PORTA

Establécese para o <u>servizo de recollida</u> unha tarifa de 1,32 €/km para a zona prioritaria e de 1,58 €/Km para a zona non prioritaria.

Artigo 7. Revisión de tarifas

Establécese a seguinte fórmula de revisión de custos: $P_t = K_t * P_o$

Onde:

- P_t: Orzamento de execución material revisado.
- P_o: Orzamento de execución material no mes e ano de adxudicación do contrato
- K_t é o coeficiente de revisión resultante da aplicación da seguinte fórmula:

$$-K_T = 0.4784 \cdot \frac{S_t}{S_0} + 0.0179 \cdot \frac{L_t}{L_0} + +0.0602 \cdot \frac{X_t}{X_0} + 0.443$$

Onde:

- S: Variación salarial media pactada, a nivel estatal, para o sector de "Recollida, tratamento, eliminación de residuos e valorización", publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social.
 - (O valor a aplicar nunca será superior ao das actualizacións do custo da man de obra no sector público aprobado nos Orzamentos Xerais do Estado).

DEPUTACIÓN OURENSE

- L: Variación a nivel estatal do índice da clase "combustibles e lubricantes para

vehículos persoais" publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

- X: Prezo medio aritmético de España (€/MWh), publicado polo Operador do

Mercado Ibérico da Enerxía,-OMIE-.

- Subíndices t e 0: momento da revisión do contrato e momento da súa formulación

respectivamente.

Artigo 8. Pagamento da prestación patrimonial

A obrigación de pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace desde que se presta o

servizo especificado no feito impoñible.

A prestación patrimonial devéñase cando se solicita a prestación do servizo.

O pago das tarifas efectuarase no lugar e forma que designe o adxudicatario do servizo e

efectuarase o abono do prezo, no momento da entrega do residuo nas instalacións do servizo

público supramunicipal, sito no centro verde do Polígono de San Cibrao das Viñas ou cando

se realice a recollida "porta a porta" dos residuos.

Artigo 9. Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das

sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse os preceptos de contidos

nos artigos 178 e ss. da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e demais normativa

que a desenvolva.

Disposición Adicional.

Dado que o réxime xurídico substantivo básico aplicable á figura das "prestacións

patrimoniais de carácter público non tributario" actualmente establecido con carácter xeral na

disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e con

carácter específico para as entidades locais, no novo apartado 6 do artigo 20 do TRLFL, non

foi aínda desenvolvido de xeito normativo polo lexislador estatal, mentres non sexa levada a

cabo esta regulación normativa de desenvolvemento, e no non disposto expresamente pola

presente ordenanza reguladora, serán de aplicación supletoria á prestación patrimonial de

carácter público regulada na mesma, as determinacións sobre implantación, xestión,



inspección, recadación e revisión en vía administrativa establecidas para taxas polos mencionados textos legais.

Disposición Final. Aprobación, entrada en vigor e derrogación da ordenanza

Esta ordenanza entrará en vigor e será de aplicación tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor mentres non se acorde a modificación ou derrogación expresa da antedita.



ORDENANZA REGULADORA DE LA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NO TRIBUTARIA POR EL SERVICIO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE RECOGIDA Y RECEPCIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIALES NO PELIGROSOS Y ESPECIALES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta ordenanza se dicta al amparo de lo establecido en los artículos 106 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, 41 y siguientes, y 127 y 148 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales cumpliendo con el principio de seguridad jurídica exigidos en el artículo 129 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las Administraciones Públicas.

La ordenanza tiene por objeto establecer una prestación pecuniaria a consecuencia de la prestación de un servicio de recogida y tratamiento de residuos industriales no peligrosos y especiales, en el término provincial de Ourense, justificado en lo dispuesto en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos del sector público, por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 201/23/UE y 201/24/UE, de 26 de febrero de 2014, que introdujo en el ordenamiento tributario español el concepto de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributarias (PPCNT).

Por consiguiente, mediante las indicadas tarifas se pretende sostener el servicio supramunicipal de servicio de recogida y tratamiento de residuos industriales no peligrosos y especiales, con la finalidad última de prevenir, minimizar e impedir los efectos que dichos residuos puedan tener sobre los recursos naturales, el medio ambiente y la calidad de vida, dando a los mismos el destino más adecuado conforme sus características. Con la prestación del servicio las empresas podrán desprenderse fácilmente de los referidos residuos evitando la proliferación de vertederos incontrolados.

Esta norma está compuesta por nueve artículos, una disposición adicional y una disposición final. El articulado de la ordenanza recopila el régimen jurídico de las mencionadas prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario, establece las actuaciones que se



encuentran sujetas a la tarifa, las personas que están obligadas a su pago, los responsables subsidiarios de la misma, el importe, el mecanismo de revisión, el lugar y la forma de pago de las tarifas, así como, en relación con el régimen sancionador, se dispone una remisión a lo establecido en la Ley general tributaria y demás normativa que regula esta cuestión.

La disposición adicional prevé, para lo no dispuesto expresamente en la presente ordenanza, respecto a la prestación patrimonial de carácter público regulada en la misma, la aplicación supletoria de las normas establecidas en la Ley general tributaria y en el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales.

Finalmente, mediante la disposición final se regula la modificación y derogación de esta ordenanza y la entrada en vigor de la misma.

La presente ordenanza no tiene repercusiones en cuestiones de género por lo que no es necesario la elaboración del informe no vinculante sobre el impacto en esta materia regulado en los artículos 19 de la Ley orgánica 3/2007, de 22 de marzo para la igualdad efectiva entre mujeres y hombres, que de acuerdo con su disposición final 1ª forma parte de las condiciones básicas que garantizan la igualdad de todos los españoles en el ejercicio de los derechos y el cumplimiento de los deberes constitucionales de acuerdo con lo establecido en el artículo 149.1.11 de la CE y el artículo 8 del Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad.

La redacción de la ordenanza respeta la perspectiva de género en el lenguaje escrito cumpliendo lo dispuesto en las anteriores normas y en el I Plan de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres de la Diputación Provincial de Ourense para los años 2017-2021.

La presente norma tiene impacto en la actividad económica ya que establece las tarifas que se devengarán con ocasión de la prestación del servicio público de recogida y tratamiento de residuos no peligrosos y especiales en el centro verde del Polígono de San Cibrao das Viñas.



Artículo 1. Fundamento y naturaleza

En uso de las facultades concedidas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución, esta Diputación Provincial establece la prestación patrimonial de carácter público no tributario como contraprestación por el servicio público supramunicipal de recogida y tratamiento de residuos industriales no peligrosos y especiales, que se regirá por la presente ordenanza reguladora de precios públicos.

Todo eso en aplicación de lo establecido por el nuevo apartado 6 del artículo 20 del texto refundido de la Ley de las haciendas locales (TRLHL), en la redacción aprobada para este nuevo apartado 6 por la disposición final duodécima de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos del sector público (LCSP), cuya entrada en vigor se produjo el 9 de marzo del año 2018.

Lo anterior, en concordancia con lo establecido por la disposición adicional cuadragésimo tercera de la citada Ley de contratos del sector público, y por la disposición adicional primera de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, general tributaria (LGT) en la redacción aprobada para la misma por la disposición final undécima de la ya citada Ley 9/2017, de contratos del sector público.

Artículo 2. Ámbito de aplicación

Los precios regulados en esta ordenanza constituyen prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario que se satisfarán por los usuarios que, voluntariamente, soliciten el servicio de recogida, recepción y tratamiento de residuos industriales no peligrosos y especiales en el centro verde, situado en la calle nº 4 del Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas (San Cibrao das Viñas - Ourense).

El ámbito territorial de aplicación de esta ordenanza es para los residuos industriales no peligrosos y especiales, de industrias o actividades localizadas en la provincia de Ourense. Incluyendo dos áreas principales:

 La primera, denominada como "zona prioritaria", abarcando el Polígono Industrial de San Cibrao, el Parque Empresarial de O Pereiro de Aguiar y la Zona Comercial Barreiros.



 La segunda, nombrada como "zona no prioritaria", para todas aquellas zonas territoriales que estén fuera de la primera, como por ejemplo las que se sitúan en otras zonas del municipio de San Cibrao das Viñas o aquellas próximas a la zona industrial de Seixalbo (En el municipio de Ourense), incluso en los alrededores de la ciudad de Ourense.

Artículo 3. Hecho imponible

- 3. Constituye el hecho imponible de esta prestación patrimonial:
 - La recepción en el centro verde de residuos de origen industrial de tipo no peligroso o especial producidos en los municipios de la provincia de Ourense.
 - La recogida y recepción "puerta a puerta", por personal autorizado del servicio, en las industrias y empresas situadas en la provincia de Ourense, de los residuos industriales no peligrosos o especias que se originen por la actividad industrial o empresaria.

Artículo 4. Obligadas al pago

Estarán obligadas al pago de la prestación patrimonial de carácter público no tributario, en concepto de obligada principal y directa, las personas físicas o jurídicas, privadas o públicas, que hagan uso de la prestación del servicio público supramunicipal de recogida, recepción y tratamiento de residuos industriales no peligrosos y especiales dentro del término provincial, conforme establece el artículo 43 de la Ley reguladora de las haciendas locales.

Artículo 5. Responsables

Responderán solidaria o subsidiariamente de las obligaciones tributarias del sujeto pasivo, las personas físicas o jurídicas a las que se refieren los artículos 41 a 43 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, general tributaria.

En concreto, responderá solidariamente, cómo sustituto del obligado tributario, el transportista que entrega el residuo en las instalaciones del centro verde del Polígono de San Cibrao o los administradores o integrantes de la administración concursal y liquidadores de quiebras de las sociedades, con el alcance que señala el artículo 40 de la Ley general tributaria.



Artículo 6. Cuota tributaria

Se establece que el cobro de las prestaciones patrimoniales de carácter no tributario se realice mediante el régimen de tarifas para cada tipo de servicio y residuo industrial no peligroso o especial permitido en la ordenanza, según se establece a continuación:

1. CUADRO DE TARIFAS PARA LA RECEPCIÓN DEL RESIDUO:

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIALES NO PELIGROSOS	CUSTO (€/t)
20 01 38	MADERAS	7,00 €/t
20 01 01	PAPEL	8,80 €/t
20 01 01	CARTÓN	8,80 €/t
20 01 40	CHATARRA	110,00 €/t
20 01 11	TELAS	5,00 €/t
20 01 39	PLÁSTICOS	50,00 €/t
20 01 99	OTROS	10,00 €/t
17 04 02	ALUMINIO	625,00 €/t
varios	LODOS	380,00 €/t
_	PALETS	0,38 €/t
_	EMBALAJES DE CARÁCTER INDUSTRIAL	50,00 €/t
20 01 02	VIDRIO	27,00 €/t
10 01	CENIZAS	40,00 €/t

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIALES DE CARÁCTER ESPECIAL	TARIFA (€/t)
LEK	SUBTIPO	(Crt)
80111	PINTURAS Y BARNICES	410,00 €/t
08 03 12	TINTAS CON DISOLVENTE O SUSTANCIAS PELIGROSAS	410,00 €/t
08 03 17	RESIDUOS DE TÓNER DE IMPRESIÓN	90,00 €/t
08 04 09	RESIDUOS DE ADHESIVOS Y SELLADORES QUE CONTIENEN DISOLVENTES ORGÁNICOS O SUSTANCIAS PELIGROSAS	350,00 €/t
CAP 08	POLVO DE LIJADO	180,00 €/t
12 01 09	EMULSIONES Y DISOLUCIONES DE MECANIZADO SIN HALÓGENOS	200,00 €/t
13 01 10	ACEITES MINERALES NO CLORADOS DE MOTOR, DE TRANSMISIÓN MECÁNICA Y LUBRICANTES	0,00 €/t
14 06 02	OTROS DISOLVENTES Y MEZCLAS DE DISOLVENTES HALOGENADOS	900,00 €/t
14 06 03	OTROS DISOLVENTES Y MEZCLAS DE DISOLVENTES	900,00 €/t



1		
15 01 10	ENVASES QUE CONTIENEN RESTOS DE SUSTANCIAS PELIGROSAS O ESTÁN CONTAMINADOS POR ELLAS	250,00 €/t
15 01 11	ENVASES METÁLICOS, INCLUÍDOS LOS RECIPIENTES A PRESIÓN VACÍOS, QUE CONTIENEN UNA MATRIZ POROSA SÓLIDA PELIGROSA	250,00 €/t
15 02 02	ABSORBENTES, MATERIALES DE INFILTRACIÓN (INCLUÍDOS LOS FILTROS NO ESPECIFICADOS EN OTRA CATEGORÍA), TRAPOS DE LIMPEZA Y ROPA PROTECTORA CONTAMINADA POR SUSTANCIAS PELIGROSAS	300,00 €/t
16 01 07	FILTROS DE ACEITE	0,00 €/t
16 01 13	LÍQUIDOS DE FRENO	150,00 €/t
16 01 14	ANTICONGELANTES QUE CONTIENEN SUSTANCIAS PELIGROSAS	240,00 €/t
16 06 01	BATERÍAS DE PLOMO	450,00 €/t
20 01 33	BATERÍAS Y ACUMULADORES ESPECIFICADOS EN LOS CÓDIGOS 16 06 01, 16 06 02 O, 16 06 03, Y BATERÍAS Y ACUMULADORES SIN CLASIFICAR QUE CONTIENEN ESAS BATERÍAS	0,00 €/t
CAP 18	RESIDUOS DE LABORATORIO	2.700,00 €/t
16 06 04	PILAS ALCALINAS Y SALINAS	30,00 €/t
_	BASURA INDUSTRIAL	130,00 €/t
_	AGUAS HIDROCARBURADAS	220,00 €/t

2. TARIFAS PARA EI SERVICIO DE RECOGIDA PUERTA A PUERTA

Se establece para el <u>servicio de recogida</u> una tarifa de 1,32 €/km para la zona prioritaria y de 1,58 €/Km para la zona no prioritaria.

Artículo 7. Revisión de tarifas

Se establece la siguiente fórmula de revisión de costes: $Pt = Kt * P_0$

Donde:

- Pt: Presupuesto de ejecución material revisado.
- P_o: Presupuesto de ejecución material en el mes y año de adjudicación del contrato.
- Kt es el coeficiente de revisión resultante de la aplicación de la siguiente fórmula:

-
$$K_T = 0.4784 \cdot \frac{S_t}{S_0} + 0.0179 \cdot \frac{L_t}{L_0} + +0.0602 \cdot \frac{X_t}{X_0} + 0.443$$



Donde:

- S: Variación salarial media pactada, a nivel estatal, para el sector de

"Recogida, tratamiento, eliminación de residuos y valorización" publicada

por el Ministerio de Trabajo y Economía Social.

El valor a aplicar nunca será superior al de las actualizaciones del coste de la

mano de obra en el sector público aprobado en los Presupuestos Generales

del Estado.

- L: Variación a nivel estatal del índice de la clase "combustibles y lubricantes

para vehículos personales" publicado por el Instituto Nacional de Estadística

(INE).

- X: Precio medio aritmético de España (€/MWh), publicado por el Operador

del Mercado Ibérico de la Energía,-OMIE-.

- Subíndices t y 0: el momento de la revisión del contrato y el momento de su

formulación respectivamente.

Artículo 8. Pago de la prestación patrimonial

La obligación de pago del precio público regulado en esta ordenanza nace desde que se

presta el servicio especificado en el hecho imponible.

La prestación patrimonial se devenga cuando se solicita la prestación del servicio.

El pago de las tarifas se efectuará en el lugar y forma que designe el adjudicatario del

servicio y se efectuará el abono del precio en el momento de la entrega del residuo en

las instalaciones del servicio público supramunicipal, situado en el centro verde del

Polígono de San Cibrao das Viñas o cuando se realice la recogida "puerta a puerta" de

los residuos.

Artículo 9. Infracciones y sanciones tributarias

En todo lo relativo a la cualificación de las infracciones tributarias, así como a la

determinación de las sanciones que por las mismas correspondan en cada caso, se

aplicarán los preceptos de contenidos en los artículos 178 y ss. de la Ley 58/2003, de 17

de diciembre, general tributaria, y demás normativa que la desarrolle.



Disposición Adicional

Dado que el régimen jurídico sustantivo básico aplicable a la figura de las "prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario" actualmente establecido con carácter general en la disposición adicional primera de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, general tributaria, y con carácter específico para las entidades locales, en el nuevo apartado 6 del artículo 20 del texto refundido de la TRLHL, no fue aún desarrollado normativamente por el legislador estatal, mientras no sea llevado a cabo esta regulación normativa de desarrollo, y en lo no dispuesto expresamente por la presente ordenanza reguladora, serán de aplicación supletoria a la Prestación Patrimonial de Carácter Público regulada en la misma, las determinaciones sobre implantación, gestión, inspección, recaudación y revisión en vía administrativa establecidas para las tasas en los mencionados textos legales.

Disposición Final. Aprobación, entrada en vigor y modificación de la ordenanza

Esta Ordenanza entrará en vigor y será de aplicación tras su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, permaneciendo en vigor mientras no se acuerde la modificación o derogación expresa de la misma.

Ourense, na data e hora da sinatura electrónica,